

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria

NÚMERO: 2018/11

DATA: xoves 6 de setembro de 2018

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:05 h

HORA DE REMATE: 20:25 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
ADELINA CES QUINTÁNS
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
RAQUEL GARCIA ABUIN
PP
MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN
ELISA BOUZAS VICENTE
ADELA BECERRA MAYO
MARÍA JESUS GALBAN TEIJEIRO
PSdeG-PSOE
MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARTÍN COMOJO VICENTE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ
ANTONIO CASTRO CASTRO

AUSENTES

PP
ADRIÁN VIDAL IGLESIAS

ORDE DO DÍA

1. FESTIVOS LOCAIS 2019
2. ADHESIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN XUNTA -FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS , PARA O ESTABLECIMENTO

DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DE BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000011 e identificado pola pegada dixital:

-1296051232

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 FESTIVOS LOCAIS 2019

Visto que o concello de Rianxo ten que comunicar ao Delegado Provincial da Consellería de Traballo e Benestar, os dous días que para todo o termo Municipal de Rianxo se fixen como Festas Locais no próximo ano 2019, para os efectos de poder confeccionar o calendario laboral da Provincia de Coruña para dito ano.

Conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no artigo 45 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: "serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia".

Pola presente, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo o seguinte, **ACORDO:**

PRIMEIRO

Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2019, os seguintes días:

- 15 de xullo de 2019: día do Carme
- 20 de setembro de 2019: Venres de Guadalupe.

SEGUNDO

Comunicar á Delegación da Consellería de Traballo e Benestar para o seu coñecemento e efectos.

Sometido a VOTACIÓN a proposta da Alcaldía sobre este punto, o ditame da comisión informativa de Promoción Económica, Desenvolvemento Local, Comercio, Turismo e Medio Ambiente do día 3 de setembro de 2018 é FAVORABLE por unanimidade dos 3 membros presentes, dos 4 que a constitúen

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 ADHESIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN XUNTA - FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS , PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DE BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

O 17.08.2018 publicase no DOGA a Orde de 9 de agosto de 2018 do CONVENIO DE colaboración XUNTA - FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DE BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS. Asinado o 09.08.2017.

Este convenio ten por obxecto instrumentar a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, Seaga, e a Fegamp, cos concellos que voluntariamente se adhiran ao presente convenio, mediante o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa.

A cooperación, que neste convenio se instrumenta, ten por fin garantir a prevención de incendios forestais, de modo que se acade a diminución do número de incendios forestais nas zonas de interface urbana, garantindo así o interese público da seguridade de persoas e de bens.

En aras as facultades concede a lexislación vixente visto o informe de secretaria de 28 de agosto de 2018 propoño o pleno unha vez sexa ditaminado pola comisión de Promoción económica, desenvolvemento local, comercio, turismo e medio ambiente a adopción do seguinte proposta de acordo :

PRIMEIRO

Manifestar a vontade de adhesión ao **CONVENIO DE COLABORACIÓN XUNTA - FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O**

ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DE BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

SEGUNDO

Comunicar dito acordo ao FEGAMP e remitir solicitude de Adhesión Anexo I do Convenio a Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural.

TERCEIRO

Facultar ao alcalde para realizar e asinar as xestións necesarias para dita colaboración.

A Comisión informativa de Promoción Económica, Desenvolvemento Local, Comercio, Turismo e Medio Ambiente do día 3 de setembro de 2018, ACORDA reservar a votación para o Pleno extraordinario de 6 de setembro de 2018.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez